



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DELEGADA NÚM 495/2016

Asunto: ANULACIÓN DO EXAME DE GALEGO E DO EXAME TIPO TEST REALIZADO O DÍA 8/3/2016 NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (BOP NÚM. 180 do 21/09/2015). COBERTURA BAIXA POR XUBILACIÓN

Por Resolución do alcalde-presidente núm. 1775 do 8 de setembro de 2015, publicada no BOP núm. 180, do 21 de setembro, acordouse aprobar as bases e convocatoria do proceso de selección de referencia.

O pasado 08/03/2016 celebrouse o exame de galego e o primeiro exame tipo test do proceso de selección no proceso de selección auxiliar administrativo (BOP 180 do 21/09/2015). Cobertura baixa por xubilación.

Mediante resolución de alcaldía 429/2016 formulouse a proposta de aprobados do exame tipo test dacordo coa proposta do tribunal cualificador do 14 de marzo de 2016, establecendose na mesma un prazo de cinco días naturais a efectos de posibles reclamacións.

Segundo consta na acta do tribunal cualificador de data 22 de marzo de 2016, o tribunal de xeito unánime, advertido a presenza de erros tanto na formulación da proba de galego como no primeiro exercicio tipo test e en aras do cumprimento dos principios que rexen todo proceso de selección acorda os seguintes extremos:

Invaldar as probas realizadas ata o momento polos motivos expostos, estimando todas as alegacións e reclamacións presentadas.

No uso das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 318/2016 do 24 de febreiro, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Publicar no Taboleiro de Editos do Concello de Noia, así como na páxina web e na sede electrónica municipal o acordo adoptado polo Tribunal cualificador de invaldar as probas realizadas ata o momento no proceso de selección para cubrir unha praza de auxiliar administrativo (BOP 180 do 21/09/2015) adscrito ao departamento de secretaría do Concello de Noia, funcionario interino

SEGUNDO: A data de celebración da repetición do exame de galego para aqueles aspirantes que non posúan a debida certificación será o día 15/04/2016, as 10.00 horas no Pavillón Municipal Rosalía de Castro, ubicado na rúa Rosalía de Castro s/n.

TERCEIRO: A data de celebración da repetición do exame tipo test será o día 15/04/2016, as 12.00 horas no Pavillón Municipal Rosalía de Castro, ubicado na rúa Rosalía de Castro s/n.

CUARTO: Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noia, 30 de marzo de 2016.

A concelleira delegada

Asdo. M^a Luísa Villar Ageitos.



A secretaria acctal

Asdo. Amparo Méndez Rodríguez